

Borrador Acta da assemblea anual ordinaria 17/03/24

Asistentes: 20

- Directiva: Pedro Cruzado Díaz (vicepresidente), Luísa Montero Pazos (secretaria), David García Calvo (tesoureiro), Andrés Santalla, Mónica Fdez., Anxo Pena.
- E socias e socios no resto dos asistentes.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A secretaria, le a acta da anterior asemblea anual e comenta que moitos dos obxectivos están cumpridos. Apróbese a acta por asentimento xeral.

2. Modificación da cota de socio e creación da cota familiar.

Infórmase de que en distintas xuntanzas da directiva propúxose modificar a cota de soci@ individual e crear a cota de soci@ de tipo familiar, que quedarán, trala aprobación da asemblea en 20 e 35€ respectivamente.

3. Baixa de soci@s que levan anos sen pagar a cota sen comunicarse coa asociación.

A secretaria informa tamén de que se tramitarán as baixas de soci@s que levan tempo sen pagar a cota anual, dado que o rexeitamento do recibo de cobro supón unha comisión bancaria en prexuízo da asociación. Antes de dalos de baixa se lles avisará por correo para pomelo no seu coñecemento.

4. Presentación da memoria de actividades e da memoria económica correspondente ao exercicio 2023.

Intervén Pedro Cruzado para expor as adquisicións feitas en 2023, os convenios de custodia e as diversas e variadas actividades que a asociación foi desenvolvendo ao longo do ano.

Na páxina web, <https://betula-atlantico.eu>, tedes documentación escrita e gráfica das actividades que se realizaron, tanto no apartado de novas como en Betula nos medios, e no mapa interactivo poden verse tódalas parcelas que agora mesmo temos en propiedade i en custodia.

Polo que respecta á memoria económica, o tesoureiro, David García, informa sobre os ingresos e gastos. O saldo das contas de 2023 é de 8016,71€, que supoñen 1000 € máis que no ano 2022. Están pendentes de xustificar as subvencións da deputación concedidas no 2023, o que sumaría, se se xustifica todo o que se solicitou, ao saldo actual 10.400 euros da subvención de investimentos e 2.053 euros da de actividades.

5. Proxecto de actividades 2024.

Ata o momento realizouse a mediados de febreiro unha plantación nunha finca de Marraxón que custodia a asociación en virtude do convenio co propietario. Antes da plantación xestionouse a roza do terreo e posteriormente, a comezos de febreiro, fíxose unha intervención con soci@s para facer os buratos para plantar. Cunha estupenda participación de mais de 30 persoas, plantáronse uns 200 arbores autóctonos .

Os proxectos para este 2024 se resumen nos seguintes apartados:

- Mellora da biodiversidade e paisaxe nunha superficie de 5.000 m² (0,5 ha) en Marraxón (Fene), encravada na parcela 7-189 de 3,8 ha, en su mayor parte fraga do Belette. Se pretende recuperar a superficie deforestada trala corta fai decenas de anos da antiga vexetación natural que tiña a parcela que era en su totalidad fraga. A mellora consistiría nunha plantación de bosque atlántico mixto con diversas especies (carballo, bidueiro, cerdeira, avelaira, pradairo, etc) .Os árbores se plantarán non alineados para conseguir un paisaxe natural.

-Rexenerado da biodiversidade e da paisaxe nunha superficie de 12.3260 m² (1,23 ha) en As Leguas (Monfero), parcela 3-1093, na actualidade cunha densa cantida de eucaliptos delgados. A mellora consistiría nunha tala dos eucaliptos seguida dunha roza selectiva con rozadoira de martelos fixos, anulando cepos pero respetando os pes de frondosas características do bosque atlántico, estimándose viable un rexenerado natural valioso ós 5 anos.

Así mesmo outro rexenerado natural sen roza mecánica en 2,4 ha de gromos e “varas” de eucaliptos mediante a corta manual con motoserras e machados por 2 profesionais acompañados por dos socios expertos para guía e control dos traballos.

6. Propostas relacionadas co Plan de actividades 2024.

Con respecto á xornada de convivencia, procurarase que esta sexa antes do outono para que a meteoroloxía non desanime @s soci@s e haxa mais participación que na de este pasado ano.

7. Propostas relacionadas coa xestión da asociación e financiamento.

Lémbrese que está pendente o cobro das subvencións da Deputación da Coruña correspondentes a 2023, así como a xustificación do importe solicitado por parte da asociación.

Tamén se explica que Andrés Santalla propón aunar esforzos coa Asociación Micolóxica Viriato para organizar actividades conxuntas de xeito regular. Asemade, deberíase propiciar a realización de actividades conxuntamente coa SGHN.

Ángel Lorenzo (EuroEume) fixo unha proposta para implantar un composteiro no predio exterior da asociación, que utilizarían sobre todo a asociación Viriato .

Engádese que un socio(Elisardo Juncal) propón a idea de facer un sementeiro/viveiro de árbores forestais, sobre todo árbores con froito (pereiras bravas, cameleiros...), semellante ao que Fragas do Mandeo xestiona para as súas propias plantacións segundo apunta Pedro, dando prioridade ás especies autóctonas (no caso de querer utilizar as plantas nas Fragas do Eume, están terán que ser de semente das propias Fragas, tal e como estipula a normativa en vigor).

Por último, a secretaria expón que podería ser boa idea para mellorar a implicación dos socios nas actividades da asociación organizar unha actividade mensual que se denominará, Día de Betula ou Betula no monte, caería tódolos meses no terceiro domingo en horario de mañá e se realizarían distintas actividades dentro dos traballos que se precisan para os proxectos que a asociación ten en marcha.

8. Pedimentos e preguntas.

Non hai nada mais que engadir.

A assemblea remata ás 13:15 h. e algún dos asistentes quédanse a compartir uns petiscos que comparte unha socia e a propia asociación.